

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

**Ritos, obxectos, crenzas varias..**

## *O tesouro de Cantorcía*

Cantorcia é unha aldea pertencente á parroquia de Savane, concello de Navia de Suarna (Lugo). Un veciño contoume que preto da aldea había unha grande e antiga nogueira. Un bo día, o propietario decidiu arrincala. Cal foi a súa sorpresa cando debaixo das raíces había un pucheiro cheo de po de ouro. Mais a alegría pouco lle durou, o pucheiro partiu e o ouro foi arrastrado por un regueiro que discorre polo lugar.

[Texto de Xabier Moure Salgado. Xullo de 2012]